

Exposición acerca da necesidade de modificación da ordenanza para a redacción de proxectos de urbanización, control das obras e recepción destas polo Concello de Abegondo

Emítese o presente documento o fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. De forma concreta preténdese dar información á cidadanía acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- Os obxectivos da norma
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

A actual ordenanza publicouse de forma definitiva no BOP nº99 de 27.05.2013. Esta ordenanza fai referencia directa a artigos do PXOM de Abegondo aprobado definitivamente ca publicación no DOG 184 do 26.09.2012. Este PXOM foi anulado o 14.04.2016 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ditou sentenza anulatoria estimando o recurso contencioso-administrativo interposto pola Plataforma de Afectados o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Abegondo contra a Orde da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia, de catorce de setembro de 2012, sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Abegondo. Esta sentenza foi ratificada polo Tribunal Supremo con data de 17 de xullo de 2017.

Dende á aprobación da ordenanza entraron en vigor novas normas de accesibilidade e a nova Lei do solo de Galicia incompatibles con certos aspectos do regulado na ordenanza.

Por último, a normativa urbanística do novo PXOM de Abegondo regula aspectos que contradin o establecido na ordenanza.

É, polo tanto, necesaria a modificación da ordenanza co fin de evitar os problemas da aplicación dunha norma realizada nun momento determinado do tempo en base a normativas xa superadas, e que derivan nun obrigado proceso de interpretación por parte da cidadanía no momento de xustificar o cumprimento da mesma.

Ao mesmo tempo, ao longo do período de aplicación da ordenanza, compróbase un descontento das persoas propietarias do solo de núcleo rural xa que nos termos actuais da ordenanza non existe distinción entre o esixible en solo urbano consolidado e o esixible en solo de núcleo rural.

Ca aprobación do novo PXOM, a entrada en vigor da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e a redacción da ORDE TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade y non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, entendese necesario modificar a redacción dos seguintes aspectos da ordenanza:

- artigos: 3, 6, 13, 14, 15, 17, 19, 23, 24, 25, 47, 56, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 78 e 84
- Anexo I
- Anexo II

Os obxectivos pretendidos ca modificación da ordenanza, son á adecuación á normativa vixente e á adecuación das esixencias de urbanización en solo de núcleo rural á realidade do territorio incorporando solucións de urbanización específicas para o solo de núcleo rural.

Ca modificación conseguiríase unha concordancia entre o establecido no PXOM e na ordenanza para ancho de viais, aparcamentos e beirarrúas, eliminando ao mesmo tempo referencias a artigos da normativa do PXOM anulado.

O novo PXOM delimita núcleos rurais que non son coincidentes cos contemplados no Anexo II, polo que se busca incorporar ao anexo os núcleos establecido polo PXOM.

En aplicación do establecido na ORDE TMA/851/2021, entre outros aspectos, establecece un ancho mínimo de beirarrúa (sen excepcións) de 1,80m, co que é necesario adaptar á ordenanza eliminando referencias a anchos menores.

Tamén se pretende evitar contradicións sobre a conservación das urbanizacións, remitindo directamente ao establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Como alternativa á modificación sempre sería de aplicación para obras ordinarias de urbanización o paragrafo do artigo 6 da actual redacción: "A proposta de urbanización e servizos deberá adecuarse no posible ás seccións tipo do Anexo I desta ordenanza, tendo en conta a xeometría da vía e da parcela, servizos xa existentes e disposicións destes, e sempre de acordo cos servizos técnicos municipais", pero que non daría resposta o resto de aspectos da ordenanza. Outra alternativa como a derogación da ordenanza non eliminaría as obrigas das persoas propietarias, pero habilitaría á resolución da urbanización ou obras ordinarias de unha forma anárquica para cada caso concreto.

Entendese polo tanto a modificación como á mellor das posibles solucións.

---X---

Dispónse a publicación deste documento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo a fin de que os potenciais destinatarios da norma poidan formular as súas suxestións e achegas durante o prazo de dez días hábiles.